

A EVOLUCIÓN DO PÉ

Non sei se España evoluiu ou non, e de certo a súa evolución, en varios respectos, é lenta; en cambio afirmo que evoluiu decisivamente o famoso pé das españolas.

Tratarei de explicar isto, que a primeira vista podería sorprender.

Hai nq caso certas afinidades coa evolución doutro pé, pequerrechiño, o das chinas. Como sabemos, en China, ata hai pouco, "a muller casada e honrada, a perna crebada para que non saia da casa"⁽¹⁾. Se non precisamente a perna crebada, polo menos a extremidade inferior, revirada e comprimida ata reducila á metade do seu tamaño, tiñan as nenas chinas, e seguían a ter as mulleres, e de aí a forma estraña dos seus pés, semellantes a tocos, e os seus andares a se bambear, e o seu retraemento, e a súa suxeición entre as paredes do domicilio.

En España, a tanto non se chegou; pero, inspirándose, medio nas severidades do dereito romano, e medio nas ideas mouras, a muller estaba recluída pouco menos estrictamente que as súas conxéneras do Celeste Imperio, que xa non é nin imperio nin celeste; e cultivábase con amor, se non a deformación, polo menos a redución do seu pé, e



celebrábanse os "pés"⁽²⁾ diminutos (...)

O segredo do pé en España, respondeu ao concepto da clausura feminina. Nas novelas da época picaresca e señoril, do século XVII, a cada parágrafo, ao se tratar da muller, saltavos aos ollos a palabra "recollemento". Hai unha de Cervantes, **El celoso estremeño**, no que xa o recollemento é secuestro: o vello Carrizales, mirando pola súa honra, empareda á nova esposa nunha especie de mosteiro fortaleza, onde non a ve nin a luz do sol; (...) A idea do "recollemento", que fora sustentada por graves moralistas

e doctos filósofos, entre os que hai que incluír a Luís Vives, preceptor de D^a Xoana de Castela, a Louca, dominaba na sociedade. E así foi formándose a pálida color e o pé miúdo das españolas.

Tamén o era a forma do calzado. Porque o pé depende do calzado, como do corsé depende o van. O antigo calzado español -plano antigo, que se remonta a fins do século XVIII e ao XIX - coadxuvaba ao ananismo do pé. (...)

Saír só por saír non estaba admitido. O que daquela se chamaba "paseo longo" era privilexio de varóns. Por determinadas rúas, e mesmo por determinados arrabaldes, as mulleres non se arriscaban. A penas escurecía, acompañábaas ama ou *rodrigón*⁽³⁾, como noutrora. Ás solteiras sempre había de acompañalas alguén, anque fose mediodía. E isto aínda dura. (...)

Duns cantos anos a esta parte, non moitos, o pé está aberto ao público; e o milagre realizárono os deportes, e a hixiene, que fala por boca dos médicos. "Esta señora necesita moito aire libre" ... (...) moito baño de mar, patíns, logo tenis, golf, automobilismo, campo, caza,

Emilia Pardo Bazán*

A C T U A L I D A D E

remar, cousas vitandas que fixeran estremecer de horror aos nosos ascendentes.

Andar non era só inmoral, senón feo, marimacho e nada propio de damas xentís.

Non de todo sensato, pois xa vimos, en pleno período de reivindicacións feministas, renacer o tacón, un tacón máis absurdo que o de antes; un tacón que, é unha cuña, unha estaca, que emperiquita as mulleres e lles desaproma as vísceras e lles prepara tumores e descolgamentos ben funestos. Pero a forma natural do pé da xente de cada país hai que respectala; aquí non gastamos xoanetes os nosos pés non son planos como libros de coro. En canto ao tacón, a súa causa está fallada pola medicina. (...)

Teño entendido que as sufraxistas norteamericanas reclamaron para a muller o dereito a ter pernas... Que ninguén ría e recórdese aquilo que contestou unha camareira maior, xénero Ruy Blas, aos ollos fabricantes cataláns que querían obsequiar á raíña cun surtido de medias de seda moi ricas:

A liberdade e transformación social do pé é, en gran parte, remedio a este estado social, e camiño para outros vantaxosos

adiantos: sentimos que a cadea afrouxou... Ninguén a afrouxou coas mans... senón cos pés. Amarrábanos por eles.

Trad. MARGA RGUEZ. MARCUÑO

* Texto extractado do periódico *La Nación* (9-X-1913) de Bos Aires.

NOTAS

(1) No texto castelán: "La mujer honrada, la pierna quebrada, y en casa". (Nota da t.)

(2) "Pinreles", no orixinal.

(3) Criado ancián que acompaña señoras. (N. da t.)

A C T U A L I D A D E